

III Plan de Limpeza

IES de Pastoriza

Curso 2016-17

Táboa de contidos

1.- Xustificación.....	3
2.- Obxectivos do Plan de Limpeza.....	3
3.- Plan de Limpeza.....	4
4.- Necesidades orzamentarias.....	5

1.- Xustificación

Ao longo dos pasados cursos, dende o 2014-15 desenvolveuse no IES de Pastoriza un Plan de Limpeza, integrado por alumnado voluntario que ao longo de dúas avaliacións (dende Xaneiro a Xuño) participou activamente nas actividades de limpeza propostas.

A participación nas dúas edicións anteriores do Plan de Limpeza foi:

Curso	Nº de Grupos participantes	Nº Alumnado participante
2014-15	14 de 15	190 de 305
2015-16	14 de 14	129 de 316

A participación do alumnado no Plan de Limpeza é totalmente voluntaria, repartindo as tarefas a realizar en grupos de 2 alumnos que colaboran durante os tempos de lecer.

En reunión de CCP do novo curso 2016-17 propúxose a conveniencia de continuar, e de potenciar o Plan de Limpeza iniciado no curso anterior, establecendo como puntos clave para o novo plan os seguintes:

- Incluir este Plan dentro dun Programa de Educación Ambiental, que podería incluír visitas a centros de recollida e tratamento de residuos, estacións depuradoras de augas, etc. Este punto xa estaba na memoria do plan anterior, mais non puido ser levado a cabo por restricións orzamentarias.
- Coordinar a actuación das patrullas de limpeza coa intervención do profesorado de garda, concretando as funcións e a operativa. O pasado curso foi Xefatura de Estudos quen se encargou de todo este traballo.
- Convocar un concurso de Aulas Limpas.
- Concretar o premio que se concederá tanto á Aula máis limpa, coma aos alumnos voluntarios que participen no Plan. O pasado curso contamos coa colaboración da empresa REPSOL, que colaborou de xeito activo na entrega dos premios e axudou con unha subvención que permitiu realizar unha actividade extraescolar con alumnado voluntario a final de curso. O acto de entrega de premios e a plantación simbólica de unha árbore tivo lugar o Día do Medio Ambiente.
- Continuar coa colaboración da empresa REPSOL para o desenvolvemento de unha actividade coincidente coa celebración do Día internacional do Medio Ambiente (5 de xuño).

2.- Obxectivos do Plan de Limpeza

- Concienciar ao alumnado da importancia e da necesidade de ter un entorno limpo e da dificultade que presenta esta tarefa sen a colaboración de todos.

- Sensibilizar á comunidade educativa da cantidade de residuos que xeramos no centro educativo, e da necesidade de reducir e xestionalos adecuadamente.
- Concienciar respecto dos hábitos de consumo e do impacto medioambiental.
- Potenciar a idea de que pequenas accións provocan grandes cambios.
- Tomar conciencia de que os residuos teñen utilidade e poden ser recuperados e reciclados para ser reutilizados.
- Desenvolver as competencias do alumnado: creatividade, pensamento crítico, colaboración, respecto.
- Dispoñer dun medio que sirva para a corrección e reparación de condutas contrarias á convivencia.

3.- Plan de Limpeza

O plan de limpeza desenvolveráse en dous ámbitos: as patruias de limpeza e o concurso de limpeza entre aulas.

1. **Patruias de limpeza:** en cada grupo os titores presentarán o plan e farán a relación do alumnado disposto a participar voluntariamente no plan de limpeza. É importante a colaboración dos titores e profesorado para que participe o maior número de alumnos. Como incentivo propoñeráse unha excursión/actividade a fin de curso reservada unicamente para aqueles alumnos participantes nas patruias do plan de limpeza.

Actividades a desenvolver:

- Prepararase un calendario de participación no que cada grupo será responsable de organizar as patruias de limpeza ao longo dos dous recreos de unha semana (10 recreos por grupo de alumnos). Os grupos rotarán e só serían necesarias 4 semanas por grupo para cubrir a totalidade do curso, se a participación é significativa como na pasada edición.
- Durante os recreos, o alumnado participante estará identificado con un chaleco distintivo e percorreren as zonas asignadas en grupos (parellas, tríos, a definir) vixiando a utilización das papeleiras e recollendo nas mesmas os materiais que atopen no chan. Se identifican a algún compañeiro que faga mal uso das mesmas pediránlle que rectifique o seu acto, en caso contrario acudirán ao profesor de garda para que tome as medidas oportunas.
- A participación nas patruias de limpeza poderá servir como medida correctora no caso dos alumnos con faltas de conduta. Neste caso, estes alumnos sancionados irán xunto co grupo de patrulla participando activamente na recollida de lixo e colaborando na vixianza.

- O centro organizará unha excursión de fin de curso como recoñecemento á laboura do alumnado e profesorado participante no Plan de Limpeza, sempre que o compromiso de participación se manteña ata o fin de curso, a participación sexa activa e o alumno non esté sancionado por faltas de conduta, que poderían ser compensadas coa participación neste plan. Para poder levar a cabo esta actividade de fin de curso precisaríamos obter algún tipo de aportación orzamentaria externa, tendo en conta as carencias do centro neste aspecto. A subvención proporcionada pola empresa REPSOL permitiu realizar esta actividade o pasado curso.

2. Concurso de limpeza e reciclaxe nas aulas: neste caso trátase de que todos os alumnos se responsabilicen do estado de conservación do aula, así como da limpeza da mesma e da proposta de solucións de mellora, como poderían ser:

- colocación de contenedores para reciclaxe de papel, metais, plásticos, pilas ou calquera outro tipo de material susceptible de ser reciclado.
- Elaboración de carteis que incidan no tema do aforro de material e do reciclaxe ou reutilización.
- Elaborar algún tipo de tarefa ou traballo creado a partir de materiais reciclados e recuperados na propia aula polos alumnos.

Para a avaliación do estado de cada aula terase en conta:

- Orde: mesas e cadeiras colocadas correctamente e o material recollido.
- Limpeza: non haberán papeis nin residuos polo chan; as mesas e as paredes limpas.
- O estado de conservación do material e das instalacións do aula.

Neste concurso participarán todos os grupos do centro. Cada grupo será avaliado por sorpresa dúas veces ao mes e recibirán unha puntuación en cada apartado. O equipo gañador será o que acade a maior puntuación a fin de curso. En caso de empate o gañador será o que acadase mellor puntuación no maior número de meses.

O rexistro e control da avaliación de cada grupo levarase nunha folla que estará a disposición do profesorado na sala de profesores, de xeito que os titores podan acceder a toda a información que corresponda ao seu grupo para informar na titoría.

A participación no concurso de limpeza das aulas non é voluntaria, todos os alumnos de cada grupo teñen que responsabilizarse do estado da súa aula, o que non quita que o grupo que resulte gañador sexa obxecto do recoñecemento público así como dun premio (a determinar). O premio entregarase o día da celebración do Medio Ambiente (5 de xuño).

4.- Necesidades orzamentarias

O orzamento necesario para o desenvolvemento das actividades propostas no plan debería de contemplar as seguintes necesidades:

1. Material e equipamento: necesario para a compra de chalecos e gorras identificativos, lubas, recolledores, bolsas e contenedores específicos para a recollida selectiva de material para reciclaxe, para colocar e utilizar nas aulas.
2. Subvención para os gastos de transporte para as actividades extraescolares relacionadas no plan de limpeza: visita a instalacións do Programa de Educación Ambiental (depuradoras, plantas de reciclaxe, tratamento de residuos, etc).
3. Subvención para a actividade de fin de curso para o alumnado participante no plan de limpeza. O presuposto aproximado por alumno para unha actividade externa (transporte mais entrada) é de 8 euros, polo que a existencia de aportación externa pode supoñer que sexa ou non posible realizar esta actividade.

O pasado curso dispuxemos de unha aportación económica en forma de subvención de 1500€, aportados pola empresa REPSOL, que permitiu a realización de todas as actividades previstas no Plan, incluíndo os gastos de material, premios, transporte e entradas para as actividades do Día do Medio Ambiente, fin de curso e as actividades diarias realizadas durante as tarefas de limpeza.